

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2020

Diante da crise sanitaria polo coronavirus manifestamos a necesidade inmediata de establecer un plan de actuación urxente e específico no eido da saúde mental. A organización en rede dos nosos servizos inclúe, ademais, diferencias substanciais en cada área sanitaria no xeito de artellar a asistencia. É polo tanto necesario que cada xefatura valore cos profesionais os mellores xeitos de abordar esta situación grave e cambiante para, como todos desexamos, tomar as decisións máis acertadas.

Consideramos que un plan específico ten que incluír catro grandes liñas fronte ás que debe dar resposta tanto o servizo galego de saúde como as xerencias de cada área sanitaria.

1.- O mantemento da asistencia nos diferentes dispositivos da rede de atención á saúde mental poñendo a disposición dos usuarios e os profesionais todos os mecanismos administrativos e tecnolóxicos necesarios.

2.- A atención preferente das persoas que xa estaban nunha situación de risco e vulnerabilidade psicosocial (usuarios con trastorno mental grave institucionalizadas ou sen apoio social na comunidade). Particularmente preocupante poden ser os hospitais psiquiátricos de rehabilitación, con especial mención ao hospital psiquiátrico de Conxo diante do elevado número de doentes ingresados e das deficiencias xa coñecidas polo Sergas.

3.-: Estudo e implementación de plans fronte as novas necesidades que derivadas da actual crise sanitaria, tanto no referente a unha poboación confinada na casa como a relativa aos profesionais e colectivos de maior risco de trauma.

4.- Coordinación e adecuación de toda a rede psicosocial fronte á nova situación e as novas necesidades dos usuarios (vivenda, alimentación, apoio, contacto interpersoal, ocio, tempo libre...). Coordinación con outros organismos involucrados no devir dos usuarios (Funga, Xulgados...).

Asinado,

Xunta directiva da AGSM-AEN